

A Xunta ratifica a solicitude do Concello para declarar BIC a Casa Cornide da Coruña



Páxina 5

Setenta e catro candidaturas concorren aos Premios PEL da Deputación da Coruña



Páxina 6

O Concello de Ourense acondiciona o camiño da Vereia Vella de Santomé



Páxina 10

A vía de acceso ao santuario dos Milagres xa é municipal



Páxina 11

Libro biográfico de Lois Pereiro con motivo do 25 aniversario da súa morte



Páxina 14



Feijóo aborda co presidente de Portugal a oportunidade que supón o Xacobeo 21-22

Páxina 16



O Concello da Coruña aposta por que o Camiño Inglés sexa Patrimonio da Humanidade

Páxina 7



Miscelánea

O Camiño Inglés

A Coruña, unha das entradas para os peregrinos do Norte de Europa que chegaban por mar

O Camiño Inglés é a ruta que une as Illas Británicas e Europa do Norte para chegar a Santiago de Compostela. A cidade da Coruña foi un dos portos de maior tránsito para viaxeiros e peregrinos xunto co de Ferrol. A historia da cidade como parte do Camiño de Santiago posiblemente comece xa no século XI.

A igrexa de Santiago é unha das pegadas que a historia do Camiño de Santiago deixou na Coruña. Comezamos neste templo, quizais o de máis antigüidade da cidade herculina, pois foi construído para a veneración de Santiago o Maior.

Segundo os datos a igrexa levantouse durante o século XII e durante tres séculos foi o lugar onde se reunía o concello da cidade. Nun principio o edificio tiña tres naves, mais dúas foron derrubadas o mesmo que as primitivas torres. No século XVII construíuse unha nova torre e no XIX engadíuselle un rosetón neorrománico.

A ruta da Coruña cara Compostela non chega aos 100 quilómetros, aínda así se facían etapas para o repouso das persoas en peregrinación. En total eran sete puntos ou sete etapas para cubrir desde os peiraos coruñeses, ben sinalados desde época romana

pola Torre de Hércules.

Outro lugar de desembarco era Santiago do Burgo, no actual concello de Culleredo. Este lugar crese que se formou entre os séculos X e XII, nunha época en que os habitantes da Coruña tiveron que moverse máis adentro da ría do Burgo, quizais ante os ataques normandos. Isto último podería explicar que o Faro do Burgo, como se coñecía daquela, estivese gardado por cabaleiros da Orde do Temple, presenza da que é testemuña a igrexa de Santa María do Temple. Seguindo polos concellos da costa, aínda que xa tocando terra a dentro, está a parroquia de Sigrás, no que é hoxe o Concello de Cambre. Neste lugar a súa igrexa está dedicada tamén a Santiago.

Xa no interior paramos na parroquia de San Lourenzo de Bruma, unha extensión do Concello de Mesía. Bruma conta cun único centro poboacional, a aldea do Hospital, nome chegado do antigo templo e hospital de peregrinos que serviu como lugar de confluencia das dúas entradas do Camiño Inglés, a coruñesa e a ferrolá.



Alí, todas as persoas que usaban os dous portos de entrada entraban en contacto para reparar as forzas e feridas que lles causara a viaxe.

A seguinte parada é A Calle, un lugar da parroquia de San Xulián de Poulo, onde existía outro lugar de repouso no camiño a Compostela. Segundo reza unha pedra colocada nunha casa desta parroquia nese lugar durmira o rei Felipe II. Os motivos non son abondo coñecidos, ben por pregrinaxe ou ben por ir camiño á Coruña onde embarcaría rumbo a Inglaterra.

Xa case ás portas da cidade do apóstolo aparecía Sigüeiro, actual cabeza municipal do Concello de Oroso. Era a última fase dos e das chegadas de ingleses, franceses, flamengos, alemáns, escandinavos e posiblemente moitas persoas de centroeuroa. Na úl-

tima etapa era onde todos e todas se preparaban para a súa entrada na cidade do santo. Limpábanse a conciencia, quen podía vestía as mellores roupas que trouxera, curábanse as bochas dos pés e de novo ao camiño.

A última andaina era a Santiago, o culmen dunha das rutas que se recuperaron grazas a traballos de investigación sobre as peregrinacións en Europa. Este Camiño Inglés supón ademais unha ruta alternativa para quen busca unha nova experiencia. Quen guste de navegar, pode facer unha singradura desde as costas do norte da Península ou do Norte de Europa e continuar camiñando polas rutas marcadas que sinalamos neste texto. O caso é gozar cun dos moitos atractivos do Camiño de Santiago.



Hospital de Bruma, no concello de Mesía

ANTOMS



Que fixemos en 40 anos?

Nesta ocasión pensaba escribir sobre as semellanzas existentes entre o que aconteceu en España logo da saída do Rei Alfonso XIII e a chegada da República. De como os monárquicos, ou como se denominaran naqueles momentos, porque cada quen arrimaba a brasa á súa sardiña, comezaron a campaña de derrube do que aínda era practicamente non nata: a República. Sen embargo diante das “movidas” que están protagonizando os da dereita, do centro e da extrema dereita, decidín ofrecerlle a vostedes unha reflexión sobre “que fixemos neste últimos 40 anos?”

Obviamente, á hora de buscar culpables temos que delimitar territorios. Non todos teñen a mesma responsabilidade. Ás familias humildes rotas polas barbaridades cometidas polos que gañaron a guerra, que bastante tiñan con buscarse un anaco de pan para darlle aos seus fillos, non podemos consideralas culpables de nada; todo o contrario, algunha deberíamos erguerlle un monumento pola dignidade con que levaron o seu calvario. Maridos no cárcere ou perseguidos polos montes; outros nas gabias dos camiños e estradas.

Cando pregunto que fixemos, quero dar un salto no tempo, intentar esquecer os anos negros da posguerra que eu vivín plenamente, usando a cartilla do racionamento que correspondía á familia, indo a tenda habilitada para recoller un paquete de tabaco para meu pai que tiña que durarlle unha semana, creio, aceite, pan (poucas veces), azucre, aceite (artigo de luxo naqueles tempos), etc.

Quero avanzar e situarme no ano 1978, data do nacemento da “sacrosanta” CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, que, segundo vimos lendo tempos ha, resulta ser un modelo para medio mundo. Modelo de que? me pregunto. Modelo de como se aplicou o principio de Lampedusa: que todo cambie para que nada cambie? Iso foi o que se fixo.

Estes días temos que sufrir as declaracións do Presidente do Poder Xudicial onde asegura, sen poñerse vermello, que a exaltación do franquismo entra dentro da liberdade de expresión, pero coidado, porque un rapeiro foi condenado a cárcere por expresar en público frases que non gustaron ao Poder establecido. Aquí a liberdade de expresión tiña as patas curtas, os franquistas poden dicir ¡Viva Franco e Arriba España!! Que non pasa nada. Se fora en Alemaña eses grupos, entidades ou partidos estaban ex-comulgados por atentar contra os dereitos e principios democráticos que nada queren saber con aqueles que deron un golpe de estado e tombaron un Goberno

Constitucional.

Pero voltemos ao principio. Que lles ensinamos as novas camadas, como diría o Beiras, dende aquelas datas da aprobación da Constitución?

Logo de ser aprobada a Constitución de marras, nun Consello Escolar un pai dun alumno chamoume a atención porque segundo el estaba facendo política na escola co seu fillo. O problema residía no último capítulo do libro de texto de sociais, de Vicens Vives, que, por primeira vez ofrecía aos alumnos, e tamén aos profesores, todo hai que dicilo, que representaba a consti-

titución esíxelle ao presidente de turno que se cante o cara ao sol, que se poñan as bandeiras nas escolas e, por que non, tamén un crucifixo facendo compañía a unha foto do Rei. Pero iso non é adoutrinamento. Iso é información pura e dura. Ver para crer.

Por outra banda temos aos “vellos gurús” da política despotricando contra o goberno que quere romper España, que non respecta a Constitución e que se vende aos que pretenden acabar coa unidade deste País. Unidade? De que unidade estarán falando?

Supoño que tanto Felipe González como Alfonso Guerra (un constitucionalista dos de verdade) saben quen mandaba no ano 78 e quen segue mandando en 2021. Saben, ou deben saber, que foron os nazis e fascistas apoiados por Franco os que se fixeron coas empresas do INI, que aínda hoxe controlan e cotizan no IBEX-35. Saben que son eses “herdeiros do franquismo” os que representan aos empresarios que se enfrontan as medidas do Goberno; saben que tanto as eléctricas como as construtoras e os grandes banqueiros comezaron a mamar na ubre do franquismo e seguen a facelo. Saben que na esfera da Xustiza aí están homes daqueles tempos e fillos daqueles homes daqueles tempos que non cambiaron o chip.

Sabendo todo isto como é que son quen de enfrontarse aos seus. De deixar ao Presidente do Goberno, do seu propio partido, ao pé dos cabalos.

Pero que di esa Constitución? Pois no seu artigo 130 di o seguinte:

1.-Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía ao fin de equipar o nivel de vida de todos os españois. 2.-Co mesmo fin dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña.

No seu artigo 131.- 1.- O Estado, mediante lei, poderá planificar a actividade económica xeral para atender as necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución.

Ou sexa que o Goberno, en representa-

ción do Estado, pode planificar a actividade económica xeral. Non precisa solicitar o permiso das grandes empresas para nada. Sobre este punto, lembrome que Santiago Carrillo, asinante da Constitución, declarara que “o partido comunista podería gobernar sen ter que modificar a Constitución”. Tiña razón.

Por que agora resulta que hai que consultar aos grandes lobbys empresariais para poñer en marcha medidas que saquen aos mais necesitados de súa pobreza? Por que os medios de comunicación non informan aos cidadáns que o Goberno non ten que pedir permiso nin a sindicatos nin a empresarios para trazar un Plan de Recuperación no que ninguén se vexa excluído, sobre todo os que nada teñen?

Volvamos ao principio...

Quen lle ensinou a nosa mocidade que representaba a constitución en realidade. Quen gañaba e quen perdía coa sinatura dese documento tan sacralizado nestes momentos? Que saben os novos votantes cando erguen unha bandeira de España fronte ao Goberno e corean consignas propias doutros tempos? Alguén lles explicou que fixeron cos seus avós, cos seus pais, cos seus veciños durante un golpe de Estado e logo durante unha guerra civil na que se viron enfrontados irmáns con irmáns se comelo nin bebelo? Saben acaso quen gañou aquela guerra, pero non nas trincheiras senón nos bancos, nas empresas, etc.? Saben como laminaron a todo un corpo de ensinantes dende o momento do golpe ata moitos anos despois de rematar a guerra? Acaso non son conscientes de como seus familiares seguen hoxe buscando en enterramentos propios de animais aos seus antepasados?

Que fixo o Corpo de docentes para que chegamos a estes momentos con tanta ignorancia nas cabezas de millóns de españois? Que fixeron os gobernos socialistas (parece unha broma chamarlle así) que tivemos e din que temos para que todo isto saia á luz? Acaso temen perder o Poder? Acaso cren que os herdeiros franquistas lle van a permitir seguir gobernando cando teñen o campo expedito para resucitar todos aqueles demos que fixeron caer á República? Outro día falaremos disto.

Hoxe queremos entonar o mea culpa, mea culpa, aínda que persoalmente podo presumir de levar 40 anos loitando contra as pantasma do pasado que agora volven e parece que se van reunir en aquelarre na Praza de Colón, de Madrid..



Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Precisamos da nosa Policía

A recente admisión para trámite polo Parlamento da iniciativa lexislativa do BNG para lle trasladar ás Cortes do Estado a solicitude de transferencia das competencias de tránsito e seguranza viaria ven de nos lembrar que o mesmo Parlamento aprobou en maio de 2007, a Lei 8/2007, de Policía de Galicia, que constitúe Dereito vixente e que dispuña unha integración inmediata da Unidade Adscrita da Policía Nacional a Galicia (500 prazas das que menos de 400 están cubertas, por mor da negligencia da Xunta e do Goberno do Estado) que non executou Núñez Feijoo ao longo de doce anos de goberno, en claro incumprimento da lei e frustración da carreira profesional da policía que serve na Unidade Adscrita, dependentes orgánicamente do Goberno do Estado e funcionalmente da Xunta e, xa que logo, sometidos á indefinición normativa e ao absurdo da dependencia de discrecionales comisións de servizos cando non á perda de dereitos laborais.

O recente protagonismo da Xunta como Autoridade Sanitaria común amosou a necesidade dunha Policía Administrativa que garanta o cumprimento das ordes e resolucións da Administración Galega nos seus eidos competenciais (saúde pública, ambiente natural, medio rural, urbanismo, xogo, violencia machista, ordenación do territorio, protección de menores e incapacitados...). E amosou as graves limita-

cións de medios humanos da actual Unidade Adscrita para server as necesidades integrais do Goberno galego, como peches perimetrais complexos.

Galicia ten tres niveis de Poder: estatal, autonómico e local. Xa que logo haberíamos ter tres policía: estatal, autonómica e local, como teñen en Catalunya, Euskadi, Navarra e Canarias e nos sistemas federais e plurais todos (Reino Unido, Alemaña, Suíza, USA, Canadá, México, Arxentina ou Australia). O outro, o de agora, é unha auténtica disfuncionalidade.

A lei de 2007 enxergaba tamén que a Policía de Galicia asumise as competencias en tránsito e seguranza viaria e, xa que logo, por iniciativa do vicepresidente Anxo Quintana, PSOE, PP e BNG aprobaron por unanimidade no 2008, sendo presidente do PPdG Núñez Feijóo, unha proposición de lei orgánica para transferir estas competencias a Galicia, que as forzas estatais traizoaron coa súa abstención (PP) ou voto en contra (PSOE) no Congreso en setembro de 2010.

Existía daquela o consenso de facilitar o traspaso das persoas que servisen en Galicia na Garda Civil de Tráfico (GCT) á Policía de Galicia, mesmo de abrir a porta a que centos de persoas galegas con destinos policiais fóra do País puidesen optar ás prazas da Policía autonómica. Naquel entón, organizacións representativas da GCT na Galicia amosaban o seu total apoio

á integración na Policía autonómica, pois que o traspaso favorecería as condicións salariais e de servizo dos funcionarios policiais de tráfico, malia que advertían tamén que os mandos militares da Garda Civil seica non estaban tan dacordo.

Precisamos da nosa Policía II

Diciamos na primeira xeira desta análise que, no tempo da aprobación da lei de Policía de Galicia (2007) e da proposición de lei orgánica para a transferencia das competencias de tránsito e seguridade viaria a Galicia (2008) eran maioría os funcionarios da Garda Civil de Tráfico (GCT) no noso territorio (e moitos galegos de orixe con destinos fóra do País) que desexaban integrarse nunha nova Policía, civil e galega, para cumprir o seu traballo nas nosas estradas. Na altura a Unión de Gardas Cívís de Galicia (UGCG) criticaba, ao tempo, a arbitrariedade dos mandos militares da GCT na Galicia ao executaren un sistema puramente recadatorio no exercicio da policía de tránsito que, ademais, resultaba discriminatorio salarialmente para os axentes que non propuñan sancións en grao abondo para os criterios da Superioridade.

Velaí que, na altura, o modelo proposto polo vicepresidente Anxo Quintana no goberno de coalición para o exercicio das competencias de tránsito fose moderno, democrático e acaído ás necesidades de Galicia, xa que atendía tamén á nosa amplísima rede de estradas secundarias, priorizaba a formación no manexo do vehículo a "quitar o carnet" e proxectaba botar os alicerces para que os axentes da GCT, ao

se transferir á Policía autonómica, puidesen exercer con plena profesionalidade e sen presións militares as súas moi competentes capacidades.



No 2021 segue a ser evidente a necesidade dunha política de Tránsito galega, lonxe da xestión militarizada das multas, que gravan desaqueladamente en termos comparativos á nosa Galicia. Lonxe da burocracia de pólizas e exames das Xefaturas galegas de Tráfico e concorde coa acaída dispoñibilidade do sector galego da formación viaria, nas nosas autoescolas.

Mais non só a Policía Administrativa habería ser a tarefa da Policía de Galicia, que tamén ha ser, no seu tempo, unha policía integral, tamén no eido da seguranza pública.. Tempo que podería ser máis cedo ca tarde, porque (como diciamos noutronte) xa temos a Policía de Galicia creada por lei, temos por lei regulada unha coordinación de policía locais con vocación de se integrar na nosa futura xestión da seguranza pública galega e temos operante unha moi boa Academia Galega de Seguridade Pública na Estrada que pode fornecer moi aqueladamente as necesidades de selección e formación das Policía de Galicia.

Porque a nosa Policía ha ser unha Policía civil e democrática, unha Policía do século XXI. Garantista, dialogante, rigorosamente proporcionada no uso da forza e sempre atenta á cidadanía a quen serve e quen lle paga.

Unha Policía da escola da Estrada, non da de Ávila nin da de Valdemoro.

PSOE e Unidas Podemos contra o autogoberno galego

O Congreso dos Deputados ven de aprobar o proxecto de lei contra a fraude fiscal que penaliza no IRPF as vendas dos bens que recibimos dos nosos ascendentes ou cónxuxes a

medio de pactos sucesorios (de mellora ou apartación) se as facemos antes da morte das persoas que nolos transmitiron. Deste xeito haberíamos pagar como incremento patrimonial no IRPF pola diferenza entre

o prezo polo que vendemos e polo que adquiriu o noso pai ou avo, no canto de facelo polo valor consignado no pacto sucesorio.

A reforma atenta contra un principio básico da propia lei do IRPF: que non sexan gravados no IRPF feitos impositivos xa gravados noutro Imposto, como neste caso o de Sucesións. Porque someter a unha dupla imposición (IRPF e Sucesións) este suposto incremento patrimonial, ade-

máis de atentar contra este principio esencial do IRPF vulnera o artigo 31 da Constitución, en canto trata diferente a quen adquire por negocio xurídico sucesorio entre vivos (pactos sucesorios) e a quen adquire por causa de morte, contra o que dispón o Dereito Civil galego, que é quen determina os feitos impositivos para os efectos fiscais.

Até hai poucos anos a Axencia Tributaria Estatal obrigaba tributar por incre-

Continúa en www.novasdoeixoatlantico.com
<https://xnea.eu/Xw>

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Comezan as obras para construír un parque biosaudable na praza Casares

O Concello ven de iniciar as obras para construír unha área biosaudable na praza Casares Quiroga. Os traballos contan cun orzamento de 13.082 euros e un prazo de execución de dous meses. Esta actuación responde ao compromiso do Goberno de Inés Rey de mellorar todos os barrios da cidade e de que dispoñan dos equipamentos necesarios para mellorar a calidade de vida da veciñanza. A praza Casares Quiroga é o principal espazo público da 2ª fase do polígono de Elviña e conta cun parque infantil. Dispoñeranse elementos que favorezan unha actividade física moderada e respectaranse as áreas de seguridade de cada aparello. Colocarase un novo lastro e instalarse un manto de céspede artificial sobre unha base de caucho e tamén céspede natural como acabado final. Doutra banda, tamén está



previsto que comecen a vindeira semana os traballos para a creación dunha área biosaudable na rúa San Diego, que incluírá un equipamento para que as persoas maiores poidan facer exercicio físico, unha área de estancia e a rehabilitación do Camiño da Cubela. Esta actuación, que responde a unha demanda Nota de Prensa veciñal, servirá para aumentar os espazos peonís e as zonas verdes e de descanso. Nos

accesos ás dúas áreas proxectadas incrementarase a anchura de paso da beirarrúa existente até unha dimensión de 180 cm. En ambos os casos as entradas desde a rúa San Diego ás zonas garantirán a accesibilidade a toda a veciñanza. A actuación inclúe a instalación de pluviais e a pavimentación da vía coñecida como “Camiño da Cubela”, así como a instalación dunha zona de lecer con arborado e bancos.

A Xunta ratifica a solicitude do Concello para declarar BIC a Casa Cornide

O Concello mostra a súa satisfacción despois de coñecer que a Xunta resolveu favorablemente a súa petición de incoar o expediente para declarar a Casa Cornide como Ben de Interese Cultural (BIC). Para o Goberno local, a nova avala as accións que levou a cabo desde o principio do mandato co fin de recuperar o edificio espoliado pola familia Franco e que culminarán, unha vez que se distinga con esta catalogación, cun proceso xudicial para “lle devolver á cidade un patrimonio que é de todas e todos os veciños da Coruña”, manifestou a alcaldesa. Engadiu que agarda que pronto se poida facer un inventario do que se atopa dentro do edificio xa que, segundo as persoas expertas, podería haber pezas dun incalculable valor histórico. Tamén sinalou que os servizos xurídicos do Concello están estudando a vía xudicial que ga-



ranta a maior seguridade de cara a recuperar esta xoia da Ilustración. Para a rexedora, isto supón un paso “importantísimo” para a obtención desta distinción, dentro dun proceso que o Concello comezou co encargo dun informe á UDC, en que se demostra que a permuta, subasta e venda da casa a Carmen Polo foi ilegal e en que se defende a titularidade pública do inmovible. Así mesmo, desde María Pita realizouse un informe histórico elaborado por

Emilio Grandío Seoane e mais un estudo artístico ao historiador Alfredo Vigo Trasancos que se axuntaron a toda a documentación o pasado mes de novembro co obxecto de conseguir esta catalogación.

Coa incoación do procedemento por parte da Xunta para declarala BIC, aplícase de forma inmediata o réxime de protección que establece a LPCG para os bens de interese cultural e para monumentos en particular.

O Concello aposta por un San Xoán nos barrios mantendo as medidas de seguridade

A alcaldesa, Inés Rey, anunciou que San Xoán se celebrará nos barrios de xeito similar ao ano pasado, que será unha festa familiar nas rúas co fin de evitar as aglomeracións. “Será unha festa do inicio do verán onde a xente poderá gozar das churrascadas e sardiñadas, sempre mantendo as distancias de seguridade”, dixo. Como o ano pasado non se poderá realizar algunha das actividades que viñan sendo tradicionais. Pechárase o acceso aos areas que deberán baleirarse de persoas ás 21:00 horas. Non se poderá facer cacharelas en ningún espazo público da cidade, nin poderá haber música ao vivo, nin se autorizará peche

de vías públicas. Todo isto para evitar que se produzan reunións dun número excesivo de persoas. Esa noite permitirase realizar sardiñadas, churrascadas ou similares en espazos de titularidade pública. Para isto, será preciso que as persoas interesadas presenten unha declaración responsable por escrito ao Concello, manifestando cumprir os requisitos para desenvolver a actividade e identificando a dúas persoas maiores de idade con todos os seus datos de identidade e contacto. A declaración poderá presentarse a través da sede electrónica municipal ou nos rexistros, logo da cita previa sempre con 24 horas de antelación.

Comezan os traballos para retirar a duna de protección da praia de Riazor de cara á tempada estival

O Concello da Coruña iniciou xa os traballos para retirar a duna que se coloca cada ano no areal de Riazor como barreira de protección de cara a preparar as praias para o verán. Os traballos estarán terminados en cinco ou seis días dependendo da climatoloxía.

A Concellería de Medio Ambiente comezou xa cos preparativos para pór a punto os areas da cidade, que un ano máis ondearán as súas bandeiras azuis e cuxas augas ob-

tiveron a cualificación de excelentes para o baño. A tempada iniciárase o vindeiro 15 de xuño. O Concello está realizando labores de limpeza e habilitando aseos e duchas nas praias.

Ademais, no marco do proxecto de reforma dos accesos das praias que se financia con fondos Eudis, está a piques de finalizar as obras de instalación de ramplas para lles garantir a accesibilidade ás persoas con diversidade funcional nas praias de Oza e Santo Amaro.

A Coruña recibe unha distinción “polas súas boas prácticas polo clima”

O Concello obtivo a distinción pola rede de hortos municipais na categoría de “Solucións baseadas na natureza” na oitava convocatoria do certame que realiza a Rede Española de Cidades polo Clima da FEMP, e que premia anualmente as boas prácticas locais na loita con-

tra o cambio climático. O galardón foille entregado o pasado 21 de maio en Madrid á titular de Medio Ambiente, Esther Fontán. Tamén recibiron premios nas diferentes categorías os concellos de Pamplona, Málaga, Icod de los Vinos, o Consell Insular de Menorca e as deputacións de Cádiz e Málaga.

Galicia

Redacción A CORUÑA

Cariño, Mugardos, Pontedeume, Ponteceso, Dumbría e Rianxo acollerán os cursos da campaña de vela e windsurf da Deputación

Un total de 240 nenas e nenos da provincia da Coruña aprenderán a navegar a vela este verán coa Deputación. A deputada responsable da área de Deportes, Cristina Capelán, anunciou hoxe que os concellos de Cariño, Mugardos, Pontedeume, Ponteceso, Dumbría e Rianxo acollerán este ano, entre o 5 de xullo e o 13 de agosto, os cursos da campaña de vela e windsurf 2021, que a Deputación da Coruña recupera este verán tras ser suspendidos en 2020 debido á pandemia.

Nos mesmos poderán participar rapaces e rapazas entre os 9 e os 18 anos pertencentes ao ámbito comarcal de cada un dos concellos que serán sede da actividade. Será requisito indispensable saber nadar e estar empadroados nun concello da provincia da Coruña.

Capelán explicou que os cursos terán unha duración de cinco días en quendas de mañá (de 10 a 14 horas) e de tarde (de 16 a 20 horas), e nos mesmos realizárase unha iniciación aos principais conceptos teóricos e prácticos da navegación a vela, así como un

curso básico de windsurf. "A Deputación ten aberta a licitación dos cursos na Plataforma de Contratación do Estado e comunicará a principios do mes de xuño a apertura do prazo de solicitudes, que se poderán formalizar nos concellos", afirmou a deputada.

A empresa adxudicataria deberá contar cun coordinador da campaña coa titulación de técnico deportivo superior en vela, que será o responsable da seguridade dos cursos, e cinco monitores con titulación de grao medio.

Así mesmo deberá contar con



distintas embarcacións tipo omega, topaz e optimist, segundo se sinala nos pregos de contratación, táboas de windsurf e velas e tres lanchas pneumáticas de apoio, ademais de material de seguridade para os participantes.

As datas previstas para a cele-

bración dos cursos son as seguintes: Cariño, do 5 ao 9 de xullo; Mugardos, do 12 ao 16 de xullo; Pontedeume, do 19 ao 23 de xullo; Ponteceso, do 26 ao 30 de xullo; Dumbría, do 2 ao 6 de agosto; Rianxo, do 9 ao 13 de agosto.

Setenta e catro candidaturas concorren aos Premios PEL da Deputación da Coruña

O xurado dos premios PEL que convoca anualmente a Deputación da Coruña reuniuse na sede da institución provincial para avaliar as candidaturas presentadas ao IV Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial.

As entidades gañadoras do certame daranse a coñecer na segunda quincena de xuño, nun acto que contará coa presenza do presidente da Deputación, Valentín González Formoso, o deputado da Área de Emprego, José Ramón Rioboo, e representantes do tecido empresarial da provincia.

A Deputación convocou este premio por cuarto ano consecutivo dentro das accións do Plan de emprego local (PEL), co obxectivo de recoñecer o traballo realizado polas pequenas e medianas empresas, autónomos e autónomas, concellos de menos de 20.000 habitantes e asociacións empresariais comprometidos co desenvolvemento económico da provincia nun ano especialmente duro para o noso tecido empresarial.

Precisamente, debido a excepcionalidade da situación que estamos a vivir, a Deputación dedica

esta edición unha das categorías do premio desta edición a recoñecer a aquelas iniciativas innovadoras que contribúan á loita contra a COVID-19.

51 empresas, 8 concellos e 15 asociacións da provincia optan aos galardóns

Un total de 74 candidaturas presentáronse ás cinco categorías coas que conta o galardón, dotadas con 15.000 euros cada unha: Mellor Iniciativa Empresarial Nova, dirixida a autónomos/as e empresas da provincia constituídas nas anualidades 2019 ou 2020.; Mellor Iniciativa Empresarial Consolidada, para autónomos/as e empresas da provincia constituídas en 2015 ou con anterioridade, Mellor Iniciativa Innovadora na loita contra a COVID-19, para autónomos/as, empresas e concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia que a través da súa actividade innovadora axudasen a frear a expansión da COVID-19, investigaran unha posible cura e/ou contribuísen dalgún xeito a paliar os efectos negativos derivados da pandemia, Concello Promotor do Emprego de Calidade, dirixida aos concellos coruñeses de menos de 20.000

habitantes que promoven e favorecen o emprego e o emprendemento e Mellor Asociación Empresarial, cuxa finalidade é valorizar o labor das asociacións de empresarios/as á hora de fortalecer o tecido empresarial.

O xurado estivo presidido polo presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), Antonio Fontenla Ramil, mentres que o cargo de secretario ostentouno Manuel Vázquez Sesmonde, xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Así mesmo, participaron especialistas de diferentes ámbitos relacionados co mundo da empresa e representantes de asociacións e outras organizacións de empresarios con presenza nos concellos coruñeses, como José Manuel Cotos Yáñez, profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela (USC); José Andrés Faña Medín, presidente do grupo de investigación de competencia e desenvolvemento rexional da Unión Europea da Universidade da Coruña (UDC); Rosa Mary Cardeso Trillo, secretaria da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela; Carlos Fernández Bermúdez, subdirector da Cámara de Comercio da Coruña e Emma Lustres Gómez, produtora de Vaca Films Studio, S.L.



Xurado dos Premios PEL.

dez, subdirector da Cámara de Comercio da Coruña e Emma Lustres Gómez, produtora de Vaca Films Studio, S.L.

Os membros do xurado avaliaron as candidaturas presentadas, seguindo criterios de orixinalidade da idea de negocio, a xeración de emprego, a capacidade de expansión, o compromiso social e as medidas implantadas pola empresa a causa da COVID-19, as iniciativas de fomento do emprendemento postas en marcha polos concellos, os servizos prestados polas asociacións empresariais, entre outros.

A Coruña e Santiago presentan o maior número de candidaturas

A meirande parte das 51 empresas que concorren aos premios teñen o seu domicilio nos concellos da Coruña (17) e Santiago de Compostela (7). En canto aos concellos, concorren os de Ares, Boimorto, Brión, Cerceda, Irixoa, Santiso,

Sobrado dos Monxes e Vimianzo. No referente á quinta categoría, de mellor asociación empresarial, o concello de Santiago é o que presenta unha maior representación (3), seguido dos concellos de A Coruña (3) e Ferrol (2).

En canto aos ámbitos de actividade das empresas, destaca o sector servizos, especialmente as empresas dedicadas aos servizos técnicos ou tecnolóxicos, así como o comercio e os servizos de educación e formación, seguidos das actividades empresariais industriais e téxtiles.

Nos vindeiros días establecerase a data do acto de entrega de trofeos no que se darán a coñecer as empresas, concello e asociación empresarial gañadores en cada categoría. Así mesmo, este evento propiciará o networking entre todas as entidades candidatas e contribuirá ao establecemento de relacións entre as mesmas.

González Formoso destaca que a Deputación destinou 25 millóns de euros no último ano a axudas directas para autónomos e pemes dos sectores máis afectados pola pandemia

A Deputación da Coruña destinou no último ano 25 millóns de euros (arredor dun 15% do seu orzamento anual) aos programas REACTIVA de axudas directas destinadas aos autónomos e microempresas dos sectores máis afectados pola pandemia, coma a hostalaría, o turismo, a cultura ou o pequeno comercio.

Ademáis, o Goberno provincial incrementou tamén nun 137% os fondos destinados aos programas de protección social nos concellos “para non deixar a ninguén atrás na saída da crise”.

Así o explicou o presidente da institución provincial coruñesa, Valentín González Formoso, que inaugurou xunto ao reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, a 28ª edición do Encontro de Economía Pública, que este ano acolleu a cidade herculina e que

reúne a prestixiosos profesionais da economía a nivel nacional e internacional. Debido á Covid-19, o simposio celébrase en formato online.

O Congreso centrou boa parte do seu contido en avaliar o alcance e a efectividade das políticas que no eido económico e social se están levando a cabo en diferentes puntos do planeta durante a crise do coronavirus.

“Un exercicio fundamental, non só como parte imprescindible do proceso estratéxico que en calquera ámbito debe comezar sempre marcando uns obxectivos e finalizar cunha avaliación dos resultados, senón tamén porque estes resultados inciden de forma directa na vida das persoas”, afirmou o presidente da Deputación.

Formoso lembrou que a pandemia fixo que o PIB español rexistrara unha caída histórica do

11% en 2020 e que, segundo os datos da OIT, se reducirán nun 13,2% o número de horas traballadas no noso país, un impacto equivalente á destrución de máis de 2 millóns de empregos.

“Facer fronte a unha situación así sen políticas públicas adecuadas sería inviable”, afirmou Valentín González Formoso, que destacou que o Escudo Social despregado polo Goberno “foi un dique de contención fronte aos efectos máis duros da crise para moitas empresas e moitas familias” e puxo en valor “o excepcional esforzo realizado polos concellos para dar resposta ás novas necesidades provocadas pola pandemia”.

O presidente da Deputación da Coruña lamentou tamén a falta de unidade política ante a pandemia. “A confrontación política permanente foi a tónica xeral,



Valentín González Formoso na 28ª edición do Encontro de Economía Pública.

incluso para cuestión tan necesarias como a declaración do Estado de Alarma cando o sistema sanitario corría risco de colapso”, afirmou.

A conferencia inaugural correu a cargo do profesor Cathal O'Donoghue, da Universidade Nacional de Irlanda, coa ponencia “Novel

welfare state responses intimes of crises: COVID-19 Crisis vs the Great Recession”. O Congreso foi clausurado por Ignacio Moral del Arce, do Instituto de Estudios Fiscales, que falou sobre a avaliación das políticas públicas: utilizar a evidencia na toma de decisións públicas.

O Concello aposta que o Camiño Inglés sexa Patrimonio da Humanidade

O concelleiro de Turismo, Juan Ignacio Borrego, mantivo un encontro co presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), Antonio Fontenla, co fin de coñecer a iniciativa posta en marcha pola entidade para lograr que o Camiño Inglés sexa declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Neste sentido, o concelleiro trasladoulle ao presidente da patronal coruñesa o total apoio do Goberno de Inés Rey á iniciativa, “que suporá novas oportunidades para a promoción turística da nosa cidade”.

Para o edil, é, sen dúbida, un reforzo ao proxecto que está a desenvolver o Concello para pór en valor a ruta inglesa que comeza na nosa cidade. E lembrou que esta nova iniciativa se suma



Encontro entre o concelleiro de Turismo, Juan Ignacio Borrego, e o presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), Antonio Fontenla.

á adhesión do Concello da Coruña á Asociación de Concellos do Camiño Inglés e ás accións que desde o Consorcio de Turismo se están a levar a cabo para potenciar este tramo do Camiño, con todas as posibilidades que pode xerar para a nosa cidade.

O Concello, dixo, impulsará

todas as actuacións que se poñan en marcha para conseguir este recoñecemento por parte da Unesco, un recoñecemento co que xa fóron distinguidas outras rutas de peregrinación a Santiago de Compostela como son o Camiño Francés, o Camiño Primitivo, e o Camiño do Norte.

Inés Rey demanda seguir avanzando con diálogo e serenidade na definición do futuro do Porto

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, pide serenidade e vontade de diálogo a todas as forzas políticas e administracións para seguir avanzando na integración do porto na cidade cando se cumpren catro meses da reunión do 23F que permitiu sentar a todos os implicados nunha mesa. “Hai catro meses o porto tiña un grave problema coa súa débeda e non existía tren a Langosteira, hoxe grazas ao diálogo temos una folla de ruta clara, unha moratoria no pago da débeda ata o 2035, o compromiso de que o tren chegará ao porto exterior e a vontade por parte de todas as administracións implicadas de traballar conxuntamente nunha proposta que garanta o futuro do porto e a súa integración coa ci-

dade” destacou a alcaldesa.

A rexedora considera que o debate sobre o futuro do porto debe afrontarse con firmeza pero dende a tranquilidade de saber que a maioría das forzas políticas da cidade están de acordo en que o Porto non está en venda, “o futuro do Porto é o futuro da cidade e o deseñaremos dende a cidade, en colaboración coas administracións implicadas”.

O Concello da Coruña seguirá a defender en todas as mesas de traballo a posición aprobada nos acordos plenarios referendados por unanimidade: titularidade pública dos terreos, creación de equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios e complementarios vinculados á economía do mar.

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Xunta local de seguridade constata que Santiago segue a ser seguro, cun índice de resolución de delitos graves que supera o 60%

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e a subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo, presidiron a Xunta local de seguridade, á que tamén asistiu o concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá, Gonzalo Muíños, e representantes da Policía local, nacional e autonómica. Na xuntanza púxose de manifesto que Santiago segue a ser unha cidade segura, cun descenso no número de delitos contra as persoas, roubos con intimidación e roubos con forza.

Os datos achegados polos distintos corpos certifican que se produciu unha rebaixa do 13% nos delitos contra as persoas, do 9% en roubos con intimidación e do 36% en roubos con forza en relación con 2019. Pola contra, aumentaron un 25% os furtos, aínda que se detectou un lixeiro descenso nos cinco primeiros meses de 2021 con respecto a 2019. Cómpre sinalar tamén que o índice de resolución de delitos graves supera o 60%.



Tanto o alcalde como a subdelegada quixeron facer fincapé tamén nos delitos telemáticos, que experimentan un crecemento do 200%, o que os converte no 50% dos que se denuncian na cidade. Esta circunstancia, como sinalou Pilar López-Rioboo, vén motivada "polo aumento das compras online", hábito acentuado durante a pandemia.

No que respecta aos casos de violencia de xénero, sinalou o rexedor que sufriron un incremento "moi significativo en 2020 vinculado á pandemia e ao confinamento", e "descenderon nos 5 meses de 2021" con respecto ao

mesmo período do ano pasado. Actualmente hai 154 casos de violencia de xénero na cidade, aínda que, segundo datos da Subdelegación, ningún reviste risco extremo. A Policía local ten asignados 35; 33, a autonómica; e o resto, a nacional.

Xosé Sánchez Bugallo aproveitou tamén a celebración desta Xunta local de seguridade para agradecer o labor desempeñado á fronte da subdelegación por Pilar López-Rioboo, que se xubila o vindeiro día 11. A subdelegada quixo salientar antes da súa marcha a colaboración institucional e o trato recibido por parte do Concello.

O Goberno autoriza a construción do novo edificio de viaxeiros da estación de Santiago

O Consello de Ministros autorizou ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a licitar, a través de Adif Alta Velocidade, o contrato de obras de execución do proxecto construtivo do novo edificio de viaxeiros da estación de Santiago de Compostela, por un valor estimado de 27.758.103,41 euros.

Una nova que o alcalde, Xosé Sánchez Bugallo, recibiu con satisfacción. "Trátase dun bo día para Santiago", sinalou o rexedor, xa que no mesmo día, por parte do Concello, saíron a licitación as obras de remodelación da rúa do Horreo, "para encaixar esa peza dentro do tecido urbano".

Sánchez Bugallo recorda que estas dúas obras, a estación de tren e a humanización da rúa do

Hórreo, son as dúas actuacións que faltan por desenvolver para rematar o conxunto da intermodal, "no que o investimento total ronda os 70 millóns de euros. "É un custe importante, pero desde o punto de vista do número de viaxeiros beneficiados é moi barato e unha solución moi boa para o transporte e para a súa integración en Santiago". Sinala que este punto da cidade configúrase como un gran centro de intermodalidade e de transporte por estrada: "no ano 2022 pensamos mover no entorno de seis ou sete millóns de viaxeiros", engade.

Será, continuou, "o maior e principal centro de transporte te-



restres de viaxeiros de Galicia; onde conclúen as liñas de transporte urbano, metropolitano, do transporte regular" e tamén as liñas de transporte ferroviario de alta velocidade, de media distancia e de cercanías.

Dado que o proxecto de construción atópase tecnicamente aprobado, autorizouse a licitación directa das obras, que contan cun prazo de execución estimado en 30 meses.

A Casa do Cabido acolle unha exposición homenaxe ao ourive Julio Lado

A Casa do Cabido, na compostelá praza das Praterías, acolle a exposición "Lado, unha saga de ourives composteláns". A mostra está dedicada ao ourive Julio Lado Martínez, como derradeiro e máximo expoñente dunha saga familiar dedicada á ourivaría con forte enraizamento en Compostela desde o século XIX.



Julio Lado é a cuarta xeración desta familia numerosa de ourives. A mostra reúne unha selección de pezas realizadas por el ao longo da súa vida, "pezas dun elevado valor porque ningún cincelaba nin repuxaba como el, é un auténtico mestre" -salientan as comisarias-. Tamén se amosan os debuxos orixinais das obras, o que permite coñecer como foi o proceso de traballo. Ademais, recreouse unha pequena parte dun taller cun tablíz-banco de traballo- con ferramentas tradicionais moi antigas,

algunhas delas xa non existen e moitas ideadas pola propia familia. O público poderá participar no proceso de realización dunha ou varias pezas mentres o ourive Julio Lado modela os motivos decorativos na prata con técnicas centenarias en perigo de desaparición como o cincelado e o repuxado.

A exposición poderá visitarse na Casa do Cabido de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas. Os luns pecha ao público.

Prima 21, a festa do comercio local na primavera

Prima 21, a festa do comercio local que se desenvolverá o xoves 3, o venres 4 e sábado 5 de xuño de 2021 en distintos barrios de Santiago é un evento "con vocación de continuidade, co fin de consolidar unha festa do comercio en primavera".

Durante o transcurso de Prima 21, os comercios poderán presentar os seus produtos e servizos nas beirarrúas sen necesidade de solicitar un permiso específico, aínda que deberán permitir o acceso aos portais de vivendas e ao tránsito peonil, para o correcto desenvolvemento desta festa.

Hai un intenso programa de actividades durante as tres xornadas, para as que non é preciso reservar entrada, e que xa é posible consultar coas localizacións de cada actividade, itinerarios e artistas en

comercio.santiagodecompostela.gal.. Actividades como animación de rúa ou concertos para todos os públicos en diversas zonas da cidade, incluídos os barrios máis comerciais, cubrindo toda a Zona Vella, Ensache, As Fontiñas, San Pedro e Conxo.

Pasarrúas, animacións musicais, concertos, teatro, desfiles tradicionais e cabaré de circo son algunhas das disciplinas incluídas no programa, que se completará con obradoiros de artesanía de grabado, acibeche e ourivería, impartidos polos mestres artesáns Ourives de Compostela, Ricardo Rivas. Manuel Tojo e Adonis Suárez.

Esta é a segunda edición dunha festa que, xa o pasado ano, conseguiu mobilizar e dinamizar as compras, con moi boas impresións por parte de cidadanía e comerciantes.

O PSdeG valora realizar accións legais pola presunta trama nos contratos a dedo da Deputación

O PSdeG-PSOE de Ourense “valora accións legais” logo do “demoledor” informe do Consello de Contas, que confirma a existencia dunha “trama de intereses espúreos” baseada nos contratos a dedo de Manuel Baltar. Os socialistas denunciaron que o órgano fiscalizador galego avalou a denuncia rexistrada hai máis dun ano, na que xa detallaban este carrusel de irregularidades nos contratos e subvencións da Deputación.

O voceiro, Rafa Villarino, asegurou que “a democracia é unha aparencia nesta deputación baixo a que atopamos unha trama de intereses espúreos” que agora evidencia o Consello de Contas. “Estamos ante un sistema baseado en cadeas de favores a empresas e concellos amigos que viven de Ourense e non por Ourense”, insistiu antes de preguntarse “onde están a pluralidade, o reparto equitativo e a transparencia” das que presume o presidente constantemente.

Villarino tamén destacou que Baltar “tentou enganar ao Consello de Contas culpando a un hackeo informático acontecido en 2020,

de non render a conta xeral de 2018”, como si fixeron as outras tres deputacións galegas e o resto de entidades locais, unha “escusa” que o órgano fiscalizador non creu. “Sacaremos á luz todas as cuestións que Baltar ten agochadas”, insistiu.

Pola súa banda, o vicevoceiro, Nacho Gómez, cualificou o documento como “un informe demoledor e contundente que apunta cousas moi graves desde o punto de vista xudicial”, tras recordar que Contas “non é un órgano sospeitoso de facer informes de parte”. Gómez describiu unha “administración impropia deste século”, na que “seguen a caciquear” e onde os “contratos a dedo son a norma”, incumprindo a lei.

“Non permitiremos que Baltar siga mangoneando e corrompendo esta administración pública”, insistiu o deputado antes de recordar que, na Deputación de Ourense, o PSOE “é o único dique para facer fronte a estas cacicadas e sinvergonzonerías” ante outros “silencios sospeitosos”. Tamén advertiu a Manuel Baltar que “non perda o tempo en atacarnos por defender os intereses da veciñanza” porque



Rafa Villarino e Nacho Gómez, do PSdG, en rolda de prensa.

“non nos vai amedrentar”.

Informe “demoledor”

O informe do máximo órgano fiscalizador galego é demoledor: conclúe que a contratación menor a dedo e sen publicidade é o procedemento ordinario de adjudicación na deputación, superando o 80% do volume contratado en 2018. “Adjudicándose por este procedemento absolutamente todos os contratos do plan provincial de cooperación ás obras e servizos cos municipios”, salienta.

“Dos 9,8 millóns de euros contratados, 7,8 foron executados mediante este modelo de adjudicación opaca a dedo, e o 70 % destes concentráronse sempre nas

cinco mesmas empresas”, sinalan desde o PSdeG-PSOE en base ao documento, antes de advertir que “indagarán” nas causas reais desta “sospeitosa concentración”.

O Consello de Contas tamén resalta que o procedemento máis empregado para repartir subvencións foi a concesión nominativa a dedo –o 84 % do total–, incumprindo flagrantemente a Lei Xeral de Subvencións na que se ordena que o procedemento ordinario debe ser a concorrência competitiva. “Non se cumpre coa obriga de publicidade en relación coas subvencións, o que constitúe unha infracción grave da normativa”, denuncia o órgano fiscalizador.

A Deputación de Ourense tampouco cumpriu coa rendición da conta xeral de 2018 que, ademais, presenta defectos graves: “os defectos son de tal magnitude que impiden considerala como rendida”, sinala o Consello de Contas antes de indicar que é a única das catro deputacións galegas nesta situación. En Galicia, 304 concellos, tres deputacións, 18 mancomunidades e seis entidades locais menores cumpriron as obrigas de rendición de contas, pero Baltar non.

Unha denuncia en 2020

O PSdeG-PSOE ourensán denunciou en febreiro de 2020 ante o Consello de Contas esta “grave situación”, a través dun estenso informe dun milleiro de folios no que se detallaba este “reparto a dedo” de millóns de euros “fragmentados de forma presuntamente irregular en 160 contratos menores de obra” entre catro empresas. Daquela xa puxeron en coñecemento do órgano fiscalizador que, por exemplo, ao longo dos últimos cinco anos, 30 millóns foron adjudicados mediante contratos a dedo, sempre ás mesmas empresas.

A Xunta destina máis dun millón de euros ao sector hostaleiro da provincia

O delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, explicou que o Goberno galego ten destinado 11 millóns de euros para acondicionar as terrazas e favorecer tamén as vendas a domicilio dos negocios de hostalería coas axudas para a adquisición de elementos de envasado e empaquetado para o servizo de consumo no domicilio.

Estas axudas buscan dar a máxima seguridade ao sector da hostalería no desenvolvemento da súa actividade, pois están destinadas á instalación, reforma e adaptación das terrazas dos establecementos de hostalaría e

restauración e a adquisición de elementos de envasado e empaquetado para o servizo de consumo no domicilio. No caso da provincia de Ourense foron aprobadas 157 solicitudes que supoñen axudas que superan o millón de euros. Destas, 67 solicitudes aprobadas pertencen á cidade de Ourense por un importe de máis de 357.000 euros.

Gabriel Alén indicou que, “foron moitas as axudas que ao longo deste ano temos habilitado para apoiar ao sector, pero unha das fundamentais, é a que ten que ver coa adecuación dos negocios para adaptalos ás medidas de se-

guridade e sanitarias e adaptando tamén a súa actividade, sobre todo co servizo a domicilio”.

O Goberno galego, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo que reforzar o orzamento destinado ao programa con obxectivo de dar resposta á enorme demanda e interese que ten espertado no sector, un dos máis afectados no actual contexto económico. Ante o importante número de solicitudes presentadas na primeira convocatoria das axudas, ampliouse ata os 11 millóns de euros o orzamento da convocatoria, que tiña un orzamento



Haberá anticipos pola metade da contía.

inicial de 3M€ e xa se tiña ampliado aos 7 millóns de euros.

Con apoios do 80% do investimento realizado, esta liña ofrece axudas directas a autónomos e pemes de menos de 50 trabaja-

dores, desde un mínimo de 1500 euros dos gastos ata un máximo de 25.000. O investimento medio dos establecementos beneficiarios ata o momento é de 9000 euros, e a axuda media de máis de 7000.

Galicia

Redacción OURENSE

O PSdeG solicita á Xunta e ao Concello de Ourense que paralicen a senda peonil de Reza

O PSdeG-PSOE de Ourense solicita á Xunta e ao Concello que respecten a vontade veciñal e paralicen de xeito inmediato o procedemento de exposición pública e de expropiación posto en marcha para a construción da senda peonil na OU-402 treito Reza, despois de que os propios veciños trasladasen o seu “non unánime” ao proxecto do goberno autonómico a través dunha asemblea veciñal celebrada o pasado 6 de maio.

Dende o grupo municipal socialista aseguran que, despois de varias reunións de representantes da Xunta de Galicia cos veciños e veciñas, os propios representantes do executivo galego derivaron na veciñanza a decisión de levar a cabo ou non este proxecto.

“A resposta dos veciños e veciñas de Reza foi clara e incontestable, polo que reclamamos tanto á Xunta como ao Concello que respecten a vontade popular expresada de forma democrática e confirmen oficialmente que paralizan o proxecto de construción da senda peonil de Reza” demandan os socialistas.

Ademais, poñen en valor “a loita e a unidade” da veciñanza de Reza, que consideran “un exemplo” do que cómpre tomar



nota antes de levar a cabo actuacións dende as institucións. Neste sentido, subliñan que “o único que demanda este núcleo de poboación é a humanización da zona” e acusan ao goberno galego de “actuar de costas e en prexuízo da veciñanza”.

Así, lembran que o pasado mes de marzo a Consellaría de Infraestruturas anunciaba o inicio dun procedemento de expropiación dos terreos afectados para a construción da senda de Reza “pola porta de atrás”, despois de que o proxecto estivera dous anos e medio pechado nun caixón pola presión social e política en contra da

súa execución.

Parque 25 de novembro

Por outra banda, os socialistas esixen que goberno local dea cumprimento aos acordos plenarios do mes de abril e proceda, á máxima brevidade, á reforma integral do parque de Reza, coñecido como Parque 25 de novembro.

“Estamos a falar dunha zona historicamente castigada, que ademais está localizada nun enclave privilexiado, á beira do río Miño, e que precisa de actuacións como a posta en valor do seu parque para continuar avanzando e superar os agravios do pasado”.

O Concello de Ourense acondiciona o camiño da Vereia Vella de Santomé



O Concello de Ourense inicia a semana vindeira, na Vereia Vella (Santomé) as obras de reconstrución dun muro e o acondicionamento do camiño. O muro presenta na actualidade parte do seu alzado derruído, supondo un compromiso para a seguridade do camiño. Existe un tramo do mesmo sostido por un muro de formigón, de irregular execución, duns 23 m. de lonxitude e de espesor e altura variables. O devandito muro de formigón carece de asento, presentado un estado estrutural de difícil avaliación xa que está executado sobre o primitivo muro de cachotería existente.

Pode supoñerse que a carencia de sistemas de drenaxe e impermeabilidade do muro ocasionou parte do derrubamento lindeiro

no preexistente de cachotería, así como o deslavado da súa superficie de asento. É por iso que se acometerá a demolición do mesmo, debido a que á vista da súa situación pode estimarse a existencia dun perigo de derrubamento en caso de precipitación e empuxes horizontais na súa fachada exterior, motivados pola auga, fronte aos cales carece de capacidade resistente.

Amais da reconstrución do muro, acometerase a reparación da pavimentación do camiño, actualmente en formigón en masa, con tramos moi crebados e deteriorados, optando por unha solución duradeira e integrada mediante o uso de formigón colado, tentando a súa máxima integración ambiental á contorna no cal se empra, a semellanza das tonalidades do lugar.

ORO Y PLATA +25 años a su servicio Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense enfrente confitería 988 232 903	jba servicios inmobiliarios info@jbainmobiliaria.com 988 10 20 75 www.jbainmobiliaria.com	www.orixepublicidade.es 988 60 70 75 Camisetas Personalizadas desde 1 und. Francisco de Moure 20, Ourense
---	---	--

A vía de acceso ao santuario dos Milagres xa é municipal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o 24 de maio no Diario Oficial de Galicia (DOG) o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Baños de Molgas do treito final da estrada autonómica OU-103, que constitúe o acceso ao santuario da Nosa Señora dos Milagres, situado no lugar dos Milagres do Medo, na parroquia de Vide. Esta transferencia foi aprobada na reunión do Consello da Xunta do 7 de maio.

Con este cambio de titularidade, que foi efectivo desde o 25 de maio o Concello de Baños de Molgas terá a competencia



Subida de acceso ao santuario dos Milagres.

para actuar no treito final da estrada OU-103, tramo comprendido entre os puntos quilométricos 4+870 e 5+090, e asume a responsabilidade da súa conservación

e mantemento. A entrega formalizárase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG.

O BNG esixe explicacións á Deputación ante as novas inversións en granito

Bernardo Varela, voceiro do BNG na Deputación de Ourense, ven de solicitar información no organismo provincial por dous contratos para a compra de granito tallado, que non estatúan porque non foron encargadas a escultores. Este contratos "adquisición e elaboración dunha estatua de granito dunha figura dunha gaiteira da Real Banda de Gaitas de 1,80 m de alto" por 6.880 euros; e a compra dunha escultura co símbolo da ourensanía e a dun mo-

nolito co himno de Ourense, por 10.690,35 euros, teñen unha suma entre ambos que superaría o límite económico para licitación por contrato menor, sinala o voceiro nacionalista.

Varela afirma que "non ten ningún sentido a urxencia desta adquisición de máis granito nun período no que o fundamental é a recuperación económica", pode que sexa necesario investir en sectores productivos porén o sector dos aserradeiros de pedra non semella ser dos máis perxudicados

pola pandemia. O voceiro do grupo provincial nacionalista tamén cuestiona o porque do elevado valor dunhas "tallas" que non foron solicitadas a artistas recoñecidos, polo menos da información á que podemos acceder.

Todo isto, sinala Varela, non fai máis que incidir na crítica trasladada polo Consello de Contas que cuestionou fai escasos días esta institución, polas adxudicacións que a mesma fai reiteradamente de xeito cuestionable.

O BNG defende en Avión un novo modelo eólico que sexa xusto, galego e sostible



O BNG defende medidas para un novo modelo eólico galego.

O BNG continúa coa súa campaña a prol dun modelo de enerxía eólica sostible, xusta e galega fronte ao modelo de arrase da Xunta de Galicia xa que "Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio".

Presas recordou que "o BNG xa presentou nos últimos meses iniciativas en defensa da Serra do Suído nos concellos de Beariz, Avión, A Lama, Fornelos, Covelo e Mondariz, nas deputacións de Pontevedra e de Ourense e no Parlamento Ga-

lego pedindo a declaración como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e integración na Rede Natura 2000 ademais de protección para os recursos hídricos, fundamentais na loita contra a crise climática e para asegurar o fornecemento ás poboacións e ao sector agrogandeiro e tamén polo papel clave como corredor natural en conexión coa Serra do Cando e do Candán. Ademais, a formación nacionalista recorda que "estamos a ver unha gran contestación social a través de numerosos colectivos e actos, como a marcha que percorreu o Suído desde Covelo a fin de semana pasada que o PP non pode seguir ignorando."

YOLANDA VÁZQUEZ ÁLVAREZ
ASESORA COMERCIAL DE TELEFONÍA



654 393 057

YOLIVAZQUEZ1971@GMAIL.COM



Galicia

Redacción OURENSE

O PSdeG reclama a Baltar “trato igualitario” para o comercio local das vilas

O PSdeG-PSOE reclama a Manuel Baltar un “trato igualitario” para o comercio local das vilas de Ourense, tras outorgar axudas a dedo soamente ao centro comercial aberto da capital. Os socialistas recordan que estas axudas non poden ser “arbitrarias e dadivosas”, porque un dos obxectivos básicos da Deputación é auxiliar, con criterios obxectivos, a institucións e veciñanza dos municipios de menos 20.000 habitantes, algo que “incumpren se soamente se conceden axudas á cidade”.

O Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) está a tramitar unha subvención nominativa para a “promoción comercial 2021-2020” soamente para o Centro Comercial Aberto de Ourense, un feito que, desde o PSdeG-PSOE, cualifican como “discriminatorio” co resto de asociacións ou entidades análogas. “Parécenos acaído que axuden aos comerciantes da capital ourensá, porque é o momento, pero é inadmisíble que o goberno pro-



Rúa Cardenal Quevedo, o 17 de febreiro de 2021, sin actividade.

vincial esqueza dunha forma tan bochornosa ao resto da provincia”, aseveran.

“A Deputación non emprega o sentido común para por en marcha campañas promocionais do comercio local como referente de calidade e proximidade, e tampouco apoia equitativa e igualitariamente a todos os comerciantes”, insisten unha actitude que “debe mudar inmediatamente”. Desde o goberno de Baltar deberían ser “previsores” e incluír “partidas orzamentarias dabondo para este fin, pero tampouco o

fan porque só traballan mediante o dedazo”, advirten.

“A pandemia está a provocar un preocupante carrusel de peches de negocios, en moitas localidades que sempre foron referente comercial ou gastronómico”, polo que o grupo provincial do PSdeG-PSOE considera “imprescindible e perentorio” que a Deputación “aprobe motu proprio” axudas se non quere “seguir evidenciando que é absolutamente incapaz de traballar activa e equitativamente pola veciñanza, deixando atrás o caciquismo”, conclúen.

O Concello non cobrará taxas de veladores durante tres anos



Quenes pagaron as taxas de 2020 recibirán a devolución dos cartos.

A suspensión das taxas pola ocupación da vía pública con terrazas e veladores na capital ourensá xa é un feito dende o 21 de maio despois de que aparecese publicada no Boletín Oficial da Provincia a modificación operada polo Concello da cidade na correspondente Ordenanza Fiscal que regula ditas taxas. Polo

tanto, o Concello de Ourense non cobrará á hostalería da cidade as taxas correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022. No caso das taxas de 2020 a medida terá efectos retroactivos, de modo que aqueles que xa a abonaron cando se adoptou o acordo plenario en tal sentido, seralles reintegrado o importe.

A Xente do Redor vaise de Cocido

O vindeiro 20 de xuño presentarase no Museo Casa do Patrón, en Codeseda, Lalín, o número catro da revista cultural Nós a Xente do Redor, nunha velada ao aire libre, nun marco natural incomparable.

No acto intervirán os autores que participan nela, aos habituais súmanse novos nomes como, Antón Xil, Rafael Quintía, Hugo Argoti, Marco Valerio, Arsenio Casmartiño e Manuel Mandianes. Esta vez a portada estará ilustrada cunha obra da pintora Ourenzá Maite Vázquez, unha obra que fai referencia ás peixeiros Galegas.

Presentarán o acto Miguel Ángel Martínez Coello editor e colaborador, Manuel Blanco Villar presidente do museo e anfitrión, Avelino Jácome director da publicación e Marina Sánchez poeta e presentadora habitual.

O acto comezará ás doce do



medio día, e rematará cun cocido de Lalín no restaurante do Museo Casa do Patrón, facendo a reserva no número de teléfono 672 435 891, ou nas oficinas de Orixe Publicidade na Rúa Francisco de Moure, nº 20 en Ourense.

Debido as limitacións sanitarias, o aforo do comedor é reducido, polo que se prega facer as reservas con tempo.

A Xunta concede axudas para a dixitalización

En San Cristovo de Cea está ubicado un dos establecementos beneficiados da orde de axudas para a dixitalización e a modernización do sector comercial e artesanal galego na edición do ano pasado con 24.700 euros. Na empresa de desenvolvemento e innovación deportiva Deinde Sport, e acompañado do alcalde, José Luís Valladares, Gabriel Alén, delegado da Xunta, informou que o prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas de 2021 estará aberto ata o vindeiro 4 de xuño.

A convocatoria, de concorrencia competitiva, conta este ano cun orzamento de 5 millóns de euros e diríxese ao comercio polo miúdo e aos obradoiros artesanais. As axudas cobren ata o 80% e existe a posibilidade de acceder a anticipos de ata o 50% do importe da axuda.

Por unha parte, contempla



Visita á empresa Deinde Sport, de Cea.

unha liña de dixitalización comercial que inclúe axudas para impulsar a transformación dixital –con apoios para páxinas web con venda en liña ou melloras e actualizacións–; optimizar e axilizar os procesos comerciais –con sistemas integrados para a planificación e xestión de recursos empresariais comerciais ou tablets asociadas coa actuación de ferramentas de xestión–; realizar

actuacións de comunicación, publicidade e márketing en internet; actuacións de comercialización dixital como a participación en eventos efémeros ou feiras dixitais; e tamén para apoiar a loxística e-commerce ou e-commerce sostible. Apoiaranse actuacións de adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal con axudas de ata 8000 euros.

A Xunta rehabilita o IES María Sarmiento de Viveiro

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de licitar as obras de rehabilitación integral do Instituto de Educación Secundaria (IES) María Sarmiento de Viveiro, que contan cun orzamento de 842.800 euros.

O delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o centro para explicar os detalles da intervención á comunidade educativa. Destacou que o proxecto está enmarcado no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica Galega, que adopta unha nova perspectiva para "habilitar centros idóneos para a aprendizaxe e para a convivencia, aliados da saúde das persoas, apostando polos espazos amplos e por instalacións menos contaminantes".

Ao respecto, sinalou que boa parte do investimento neste instituto está orientado a medidas de eficiencia enerxética, que conseguirán un aforro do consumo e das emisións contaminantes á atmosfera. Así, vaise instalar un novo illamento exterior tipo SATE nas fachadas e tamén illamento de lá de roca no forxado de bai-



O prazo de execución das obras será de cinco meses.

xocuberta. Substituiranse as carpinterías exteriores por outras de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisorio, incluso as caixas de persiana existentes por un sistema con illamento incorporado. Tamén se cambiarán as luminarias por equipos LED con detectores de presenza nas zonas comúns. Por último, a caldeira de gasóleo vaise substituír por outra de biomasa.

Os criterios medioambientais gañan peso e considerárase unha condición especial de execución da obra a compra de cando menos

un 10% dos materiais e subministrados necesarios en establecementos de proximidade, realizada nun radio inferior a 200 qms.

No que respecta ás reformas interiores, na planta do ático vanse reunificar os espazos para crear unha aula de maior dimensión e un pequeno almacén. Cambiaranse os falsos teitos por paneis rexistrables con illamento acústico de lá de roca nas aulas, e continuo de xeso en corredores e baños; mellorarase a ventilación na planta semisoto, e pintaranse estancias, portas e radiadores.

Sober acomete obras en 22 parroquias

O Concello de Sober está acometendo un ambicioso Plan de mellora de camiños que beneficiará ás 22 parroquias. O investimento total previsto ascende a preto de 600.000 euros. As obras incluídas nos plans de 2020 e 2021 están xa executándose. As previstas para 2020 sufriron algún retraso como consecuencia da pandemia.

Con cargo ao Plan Único executáanse obras por 225.000 euros, con cargo ao Plan Marco da Consellería de Medio Rural invístense 140.000 euros, no Plan Infraestruturas Rurais inclúense obras por importe de 100.000 euros e con fondos propios do Concello arredor de 125.000 euros.

Entre as obras xa rematadas están os accesos a Mourentán e O Souto de Vilachá en Doade; Santo Tirso e Cantón en Amandi; O Rodeiro e Abanante en Lobios; As Gándaras en Pinol; Moreda en Vilaescura, Carboeiro, Os Cancelos e A Pena en Gundivós; Corvelle e A Carqueixa en Proendos; A Vacariza en Neiras; Camporrairo e as rúas da Panadería e a Fábrica en Canaval, Nogueira, A Mogueira, A Burdalla e A Cigueñeira en Anllo; San Paio, A Paixon e a estrada de Matamá a Arxemil en San Martiño; Ferrón, O Piñeiro, Villoriz e de Santa Marta a O



A Plaza de Pinol arranxouse en 2016.

Pinar en Bolmente; así como o camiño dende a igrexa de Barantes a Suairexa.

Próximas obras

Nos próximos días faranse, entre outras, as obras de acondicionamento de O Ventorrillo a O Fervedón e os accesos a O Roxo en Neiras; os accesos a Travesa e As Cortiñas en Amandi; dende As Casas ata A Veiga en Figueiroá; o camiño de O Pital en Bulso, accesos a San Xis, Piantes e Gandraela en Brosmos, Vaz en Vilaescura, O Castro en Liñarán, os accesos a Fervenza e Cuñas en San Martiño de Anllo, Cima de Vila e estrada de Santa Marta a Villoriz en Bolmente, así como a estrada dende a igrexa ata Barantes de Abaixo.

A alcaldesa celebra a permanencia do CD Lugo en Segunda División

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, acompañada polo Concelleiro de Deportes, Mauricio Repetto, e o portavoz municipal, Miguel Fernández, trasladoulles os parabéns en nome da afección e de toda a cidadanía ao equipo do CD Lugo, pola súa dedicación e esforzo, necesarios para poder manter a desexada permanencia en Segunda División.

A rexedora recibiu ao presidente da Tino Saqués, así como o adestrador, Rubén Albés, e a unha representación do primeiro cadro de xogadores no salón de plenos do Concello, e felicitoulles pola labor desenvolvida nesta tempada. "Mantivéstesnos aos



Recepción no Concello de Lugo.

que vos seguimos co corazón nun puño, e fostes quen de dalo todo e superarvos, o que é motivo de orgullo para Lugo". "Sabemos que hai clubs con maior capacidade económica e, polo tanto, cunha maior capacidade competitiva, polo que aínda é maior a fazaña conseguida non

só nesta tempada senón tamén durante os nove anos consecutivos que levamos en Segunda".

A rexedora entregoulles aos representantes do club de fútbol, aos que desexou seguir cos seus éxitos na tempada que ven, un pin de prata da Muralla, así como un libro sobre o patrimonio bimilenario lucense. E o Clube agasallou a alcaldesa, unha camiseta co seu nome.

Pola súa parte, Tino Saqués, agradeceu o apoio da afección, da cidadanía, dos patrocinadores e das institucións ao club, e celebrou o enorme traballo realizado tanto polos xogadores como por todos os profesionais que os acompañan.

Marica Campo presentou en Sober ou seu libro "Nós outras"

Unha viaxe pola diversidade e a igualdade do ser humano" é a proposta que fixo a escritora Marica Campo no libro "Nós outras", que se presentou en Sober. Foi no Centro Socio Cultural e estivo acompañada de Antón Lopo de Chan da Pólvora Editora que foi tamén quen animou á autora a escribir este libro de poesía adicado ao público infantil.

Está ilustrado pola pintora Menchu Lamas. "Unha fermosura, un festival de cores que realza todo o contido literario", explica a escritora en +d1 Monforte falando

das ilustracións feitas por Lamas.

Marica Campo, natural do Val do Mao, Concello do Incio, é unha das autoras máis destacadas da Literatura galega que abordou os xéneros narrativo, poético, teatral e xornalístico. Foi tamén tradutora e participante en numerosas obras colectivas. Desenvolveu a súa traxectoria profesional na provincia de Lugo, onde exerceu como docente no ensino secundario..


A obra vén de ser elixida como a mellor edición do ano 2020 no panorama editorial galego: Premio Follas Novas do Libro Galego.

Libro biográfico de Lois Pereiro con motivo do 25 aniversario da súa morte

O Concello de Monforte agasallou, a todos aquelas persoas que o desexaron, cun libro sobre a vida de Lois Pereiro co gallo do 25 aniversario da morte do escritor monfortino, finado en A Coruña en 1996. Trátase dunha biografía inédita dun dos poetas monfortinos máis importantes, editada pola Editorial Galaxia en 2011 e escrito por Antón Lopo. O reparto gratuito de 400 libros foi o luns 24 de maio de 9 a 14 horas no vestíbulo da Casa do Concello.

O alcalde, José Tomé Roca, salienta que “dende o Concello quixemos ter un xesto cos nosos veciños para conmemorar o aniversario do falecemento, o 24 de maio de 1986, do que é un dos escritores máis importantes da nosa cidade. Con este libro, queremos que os nosos veciños descubran unha completa biografía do noso poeta Lois Pereiro, a cal agardamos sexa do seu interese”.

Lois Pereiro naceu en Monforte



En 2011 a Lois Pereiro adicouselle o Día das Letras Galegas.

de Lemos e estudou no colexio dos Escolapios, comezando a escribir con 16 anos. Tras rematar o COU marchou a Madrid, onde comezou Ciencias Políticas e Socioloxía. Logo dunha estancia en Monforte traballando na empresa familiar, adicada ao vidro, regresou a Madrid para estudar lingua inglesa, francesa e alemá. Alí fundou a revista “Loia” xunto a Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán Xosé Manuel Pereiro. Nela

publicou os seus primeiros poemas, a finais da década dos 70.

Cara a 1981 marcha a vivir á Coruña, onde se une á revista “La Naval”. Neste período entrou en contacto cun grupo de poetas entre os que figuraban Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio Valcárcel, participando en varias antoloxías coma De amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985), e colaborando en revistas como “La Naval”, “Trilateral”, “Anima+l” e “Luzes de Galiza”. Esta última publicaría en 1997 os oito capítulos da novela curta “Náufragos do Paradiso”.

Publicou dous poemarios en vida, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía última de amor e enfermidade (1995). No 1996, ano da súa morte, saíu á luz Poemas para unha loia, que recolle obras da época madrileña, publicadas na revista Loia, e a prosa autobiográfica de Conversa ultramarina (2010). A Biblioteca pública municipal de Monforte leva o seu nome.

Monforte destina 20.000 euros para as axudas a libros e material escolar



O alcalde en rolda de prensa.

A Xunta de Goberno do Concello de Monforte aprobou as bases e a convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario para o curso 2021/2022. Para o financiamento destas subvencións, dende o Concello destínase un crédito máximo de 20.000 euros, “que son 2.000 euros máis que o pasado ano, co obxectivo de apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio de Monforte que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto desta axuda, especialmente nun momento no que seguimos inmersos na crise da Covid-19”, destaca o alcalde, José Tomé Roca.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axu-

das para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Monforte e escolarizado para o curso 2021/2022 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nalgún dos centros docentes públicos ou concertados existentes no municipio.

A contía máxima das axudas será a seguinte: 150 € para Educación Infantil por cada alumno/a. 100 € para Educación Primaria e por cada alumno/a. 120€ para Educación Secundaria Obrigatoria por alumno/a. 150€ para alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial de centros ordinarios ou cunha discapacidade superior ou igual ó 65% .

Axudas municipais para a hostalería de Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, ven de asinar a resolución das axudas correspondentes ó 2º Plan Reactiva para a hostalería do Concello de Monforte, posto en marcha polo concello a principios do pasado mes de abril, para axudar ó sector hostaleiro ante os efectos do coronavirus.

Este plan supón un éxito rotundo de participación, superándose todas as previsións que o Concello establecía en 98 posibles entidades hostaleiras solicitantes, e que finalmente alcanzou a cifra de 100 solicitudes, sendo todas elas admitidas e resoltas, e destinando para elo unha axuda total de 200.000 euros.


“Quero destacar” salientou o alcalde, “que dende o Concello axilizamos ó máximo estas axudas, pois, tras resolvelas o pasado mércores 19 de maio, en menos dunha semana procederemos a iniciar o pago das mesmas, para que as axudas cheguen canto antes a este sector hostaleiro”.

Esta liña de axudas directas foi posta en marcha polo Equipo de Goberno monfortino para paliar os efectos da Covid e os peches decretados pola Xunta de Galicia neste sector, concedéndose unha contía fixa de 2.000 euros, ás pequenas empresas, isto é, autónomos e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica propia, que foran titulares de estable-

cementos de hostalería, é dicir bares, restaurantes, cafeterías, con domicilio fiscal en Monforte, que estiveran abertos ó público antes do día 1 de xaneiro de 2021.

“Con esta nova liña de axudas, que supuxo todo un éxito de participación, o Concello de Monforte segue apoiando ás empresas e ás familias, neste caso ó sector hostaleiro. Con esta nova partida, chegamos a 1.2 millóns de euros en axudas distribuídas por este Concello por mor da Covid, o que representa un 8,5% do orzamento municipal, porcentaxe que no temos noticia que haxa alcanzado ningunha outra administración” subliña o rexedor municipal.

MARTIRENA



O Parque de Cobas en Monforte de Lemos ten nova iluminación

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, inaugurou a nova iluminación pública do Parque de Cobas que “permitirá a monfortinos e visitantes ir dende o Parque dos Condes ata a Pinguela ou ata a rúa Cobas por uns paseos totalmente iluminados”.

A actuación foi acometida pola empresa Activa Parques y Jardines S.L., cun custe de 40.083,39 euros, ive engadido. A citada empresa presentou unha oferta por un prezo total de 167.241,21 € (ive engadido), na que se inclúe a partida destinada á mellora da iluminación aludida. Deste xeito, toda a zona foi dotada dunha instalación de alumeadado público da que carecía ata este momento o parque, e está composta por columnas e luminarias tipo LED.

O proxecto de acondicionamento dun espazo público no parque do Cobas fora elaborado por unha empresa monfortina e nel descríbense as obras e actuacións necesarias para o acondi-



A instalación eléctrica vai soterrada.

cionamento de dita zona, situada a carón do río Cabe e da lagoa da Pinguela. Este proxecto concibiuse como continuación deste parque, que foi acondicionado por varios obradoiro de emprego.

O alcalde destaca que “ata hai pouco esta era unha zona con maleza, que empezamos a poñer en valor co traballo da Escola-Obradoiro, e que agora está inmersa nun proxecto integral de mellora a cargo dunha empresa de xardinería”. O Concello adquiriu recentemente unha parcela de aproximadamente 6.000 m2 para

ampliar este parque.

O rexedor municipal tamén anunciou que “en breve este parque de Cobas tamén será mellorado coa supresión dun pequeno establo que se atopa no centro do parque, cuxa supresión permitirá unha mellor comunicación a ambos lados das zonas principais do parque”.

O Concello asinou un convenio coa Deputación en 2019, en virtude do cal o ente provincial asumirá o custe das obras, mentres que o Concello aboará os 4.840 euros correspondentes á redacción do proxecto e a dirección de obra.

A nova cámara web permitirá coñecer en tempo real as condicións meteorolóxicas de Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, inaugurou a nova cámara web instalada por Meteogalicia na Torre da Homenaxe e que permitirá coñecer en tempo real as condicións meteorolóxicas de Monforte. En concreto, a cámara foi ubicada na cima do muro que rodea a Torre da Homenaxe, orientada cara os Escolapios.

A cámara web é a última das tres instalacións deste tipo ubicadas en Monforte, tras a instalación dunha Estación meteorolóxica na Pinguela, e dunha Pantalla de información meteorolóxica e de calidade do aire, no Campo de San Antonio anexa á Casa do Concello, todas elas demandadas mediante petición formal que efectuou o Alcalde monfortino a Meteogalicia en 2015, e instaladas en febreiro e xuño de 2019 respectivamente.

“Monforte conta, por primeira vez, con todas as ferramentas



Por esta zona pasan os peregrinos do Camiño de Inverno a Santiago.

necesarias para que os nosos cidadáns poidan coñecer os aspectos relacionados coa meteoroloxía da cidade e saber en tempo real os datos relacionados co clima e a meteoroloxía do noso Concello. Estas tres instalacións permiten que a nosa cidade se sitúe ó mesmo nivel de información climática que o resto das cidades de Galicia”, salienta o alcalde.

“Non era lóxico que cando se daban datos do tempo meteorolóxico referidos a Monforte, foran procedentes de concellos limítrofes que diferían bastante dos da nosa cidade, dado que todos os Concellos de arredor teñen unha altitude bastante máis elevada, e iso fai variar as temperaturas, a humidade ou a velocidade do vento” recordou Tomé Roca.

Monforte adquiriu un tractor segadora para o desbroce



O novo vehículo para as brigadas municipais.

O Concello de Monforte adquiriu un novo tractor segadora destinado a facilitar os traballos de desbroce e corte de céspede das brigadas municipais de medio ambiente. Este novo vehículo municipal foi adquirido polo Concello á empresa monfortina Agrícola Pérez por un importe de 17.800 euros (ive engadido). “Con este novo vehículo”, destacou o alcalde, “facilitamos ó noso persoal de servizos e de medio ambiente os traballos de sega, corte de céspede ou desbroce a través dun noco tractor segadora da marca New Holland,

que está equipado cunha plataforma de corte e cun cargador frontal con cazo.”

O novo vehículo, que é o modelo BoomerTM 25 Compact da marca New Holland, é un tractor compacto, resistente, e versátil preparado para desenvolver tarefas relacionadas co paisaxismo, a xardinería e os labores de mantemento dos espazos públicos axardinados. Polo seu tamaño compacto, é fácil de manexar e manobrar para evitar obstáculos e desenvolverse en espazos reducidos, o cal permite traballar con eficiencia e custos reducidos.

Quiroga celebrou en Bendilló a Mostra do Aceite

A mostra máis atípica destes 21 anos que leva celebrándose polas condicións e normas sanitarias foi a de maio pasado. Con altas temperaturas e máis visitantes do que nun principio se prevía, fixeron que os olivicultores se amosaran máis que satisfeitos coas vendas acadadas, valoran no Concello.

Os asistentes a esta Festa de Interese Turístico disfrutaron da posta en funcionamento do muíño de aceite tradicional, adquirir o aceite de oliva virxe extra que se produce en Quiroga e outros produtos típicos e mesmo comer no recinto feiral, pero todo supeditado a unhas normas de control.

O recinto feiral estivo aberto dende as once e media da mañá

ata as dúas da tarde. Aínda que o acceso era libre, para poder acceder ao recinto da mostra e ao muíño podíase concertar cita previa, o que daba preferencia de entrada, posto que o aforo máximo no recinto feiral estaba acoutado a 200 persoas.

Na Capela das Farrapas proxectouse un vídeo elaborado especialmente sobre este proceso. A intención desta proxección era que todos os asistentes puidesen ver o proceso de elaboración completo.

Catro olivicultores participaron o domingo 31 de maio nunha Mostra do Aceite que esixía que o aceite que acudía á mostra ademais de contar coa etiqueta de aceite de Quiroga, tiña que contar co rexistro sanitario das autoridades competentes.

Feijóo aborda co presidente de Portugal Marcelo Rebelo de Sousa a oportunidade que supón o Xacobeo 21-22 para reactivar o turismo e a economía galego-portuguesa

O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, abordou este 27 de maio co presidente da República de Portugal, Marcelo Rebelo de Sousa, a oportunidade que supón o Xacobeo 21-22 para reactivar o turismo e a economía de ambos os territorios.

Durante unha xuntanza mantida este mediodía, Feijóo expuxo que tanto o Camiño Portugués do Interior como o da Costa están a experimentar o maior incremento de peregrinos, como xa se puxo de manifesto en 2019, resaltando ademais o patrimonio histórico, a gastronomía e a paisaxe como elementos clave destas rutas.

Nesta liña, o responsable do Goberno galego agradeceu a decisión de Marcelo Rebelo de Sousa de facer unha etapa do Camiño como peregrino no mes de agosto. "Se ben xa fixo o Camiño en dúas ocasións, estamos máis que satisfeitos ante o compromiso do presidente da República e poder contar así cun peregrino especial", abundou.

No eido económico, Feijóo valorou tamén o apoio do presidente portugués ao eixe atlántico ferroviario e o seu compromiso inequívoco para que a conexión Porto-Vigo "non teña marcha atrás".

Así mesmo, ambos mandatarios avaliaron as posibilidades que brindan os fondos europeos Next Generation para relanzar a situa-

ción económica. Ao respecto, o titular da Xunta fixo referencia aos máis de 300 proxectos que conforman a candidatura de Galicia, por un importe de 20.000 millóns, facendo fincapé nos que poden resultar "interesantes" para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como a iniciativa presentada no ámbito da automoción.

Feijóo subliña con António Costa o compromiso de Portugal co AVE Vigo-Porto

Por outra banda, Núñez Feijóo, destacou igualmente que o compromiso de Portugal co AVE Vigo-Porto é un importante acicate para que o Goberno de España priorice unha infraestrutura estratéxica para ambos países.

Logo dunha reunión mantida esta tarde co primeiro ministro da República de Portugal, António Costa, Feijóo referiuse a esta infraestrutura como clave xa que permitirá unir todo o Eixe Atlántico, desde A Coruña ata Lisboa. "Agradecemos ao primeiro ministro a confirmación de que esta conexión sexa unha prioridade para incluíla nos fondos europeos e así conseguir o financiamento axeitado", precisou, incidindo en que este apoio implica que as autoridades españolas tamén prioricen as súas inversións coa fronteira portuguesa, tanto para converter Vigo en estación pasante - cun proxecto duns 500 millóns de euros- como para, posterior-



mente, conectar a cidade olívica con Guillarei-Tui -un traxecto de arredor de 30 quilómetros- e unir definitivamente por vía férrea toda Galicia co norte e centro de Portugal, ata Lisboa.

Así mesmo, o responsable do Executivo autonómico trasladou ao primeiro ministro o interese dos alcaldes da zona de Vinhais e A Gudiña para levar a cabo a mellora das conexións viarias a ambos lados da fronteira, "tanto para vertebrar todo ese territorio como para utilizar a estación do AVE na Gudiña e poder así conectar as poboacións portuguesas cara a Galicia e Madrid".

No tocante ás posibilidades que brindan os fondos europeos Next Generation para reactivar a situación económica, Feijóo re-

feriuse ao proxecto relacionado coa automoción que ten presentado a candidatura galega, ademais de avaliar as sinerxías que neste eido poden desenvolver Galicia e o norte de Portugal.

E, en materia de transformación enerxética, destacou os traballos que tanto as empresas galegas como as do país veciño están a levar a cabo, co obxectivo de facer investimentos en Galicia e no norte de Portugal no ámbito das enerxías renovables.

Durante a xuntanza, ambos mandatarios abordaron tamén os fondos de cohesión e transfronteirizos. Ao respecto, lembrou que Galicia e o Norte de Portugal teñen conseguido 130 millóns nas últimas convocatorias do fondo POCTEP e confirmou que a Eurorrexión xa

traballa en novos proxectos.

Nesta liña, referiuse ao proxecto transfronteirizo Interlumes que, cun investimento de 9 millóns de euros, conta coa creación nas proximidades da Serra do Xurés, en Verín, dunha moderna base de medios aéreos. "Estamos a falar dunha iniciativa que proporciona capacidade loxística desde o punto de vista de extinción de incendios por medios aéreos e terrestres, moi importante para as zonas castigadas polos lumes".

Por último, Feijóo e António Costa avaliaron a situación que atravesa o turismo e a oportunidade que supón o Xacobeo 21-22. Non en van, 25 de cada 100 peregrinos que chegan a Santiago de Compostela fano a través dos dous Camiños portugueses.

FUCO PRADO

